



CIRCULAR 46-2021. **CONTROL FGA PISTA AO AIRE LIBRE 30/04/2021**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organiza o Control FGA pista ao aire libre o día 30 de abril de 2021, pistas de atletismo do INEF en Bastiagueiro (Oleiros) – A Coruña.

Art.2). Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.3). Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada actual (2021) tendo preferencia as categorías máster.

Art.4). Participación.

Será por mellores marcas, en caso de non completar as prazas sortearanse as que queden libres.

Art.5). Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

CONTROL FGA 30/04/2021 – XORNADA DE MAÑÁ		
HORA	PROBA	SEXO
11:50	100	Homes
12:00	400	Mulleres
12:10	800	Homes

Art.6). Excepcionalmente as inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do mércores 28 de marzo. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta e proba. O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 20:00 horas do xoves 29 de abril. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

Art.7). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.8). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:



- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) segundo o artigo 6 do presente regulamento. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9). O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, pendente da limitación da redución de aforo da instalación pistas de atletismo do INEF, determinada pola actual situación derivada do COVID-19. Á espera de que sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.10). Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.11). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 26 de abril de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo